



Nota de prensa

A distinción outórgana os consumidores

EROSKI É ELIXIDO O MELLOR SUPERMERCADO ONLINE POR TERCEIRO ANO CONSECUTIVO

- EROSKI *Online* foi distinguido co premio 'WebShop do ano' na categoría de supermercados *online*
- Na votación os consumidores valoraron a relación calidade-prezo, a variedade da oferta, o servizo ao cliente, a entrega de pedidos, as promocións ou a experiencia do usuario, entre outras variables

Elorrio, 23 de outubro do 2019.- Os consumidores elixiron a [tenda en internet de EROSKI](#) como o mellor supermercado *online* de España por terceiro ano consecutivo. Unha distinción que EROSKI recibiu esta mañá durante a cerimonia dos [Premios Comercio do Ano 2019-2020](#) celebrada en Barcelona.

EROSKI alzouse co galardón 'WebShop do ano' na categoría de supermercados online. A distinción outórgana os consumidores a través da súa votación en función do seu grao de satisfacción e valoración global do supermercado. Trátase do maior certame de consumidores de España e dun dos maiores estudos de mercado do sector do Retail.

Na votación valoráronse variables como a relación calidade-prezo, a variedade da oferta, o servizo ao cliente, a entrega de pedidos, as promocións e ofertas, as modalidades de pagamento ou a experiencia do usuario, entre outras.

"O noso supermercado online é fácil e intuitivo e conta cunha ampla gama que presenta un mix adecuado de marca propia e marca de fabricante para lle dar unha maior liberdade de elección ao consumidor e facer unha cesta sustentable. Un ano máis vemos recoñecida a nosa aposta pola transformación dixital cara a unha proposta multicanle que responde ao consumidor con solucións innovadoras que melloran a súa experiencia de compra global. En EROSKI traballamos intensamente para aproveitar a oportunidade que as novas tecnoloxías nos brindan para estreitar e xerar novas formas de relación cun consumidor que hoxe en día avanza axiña cara á omnicanle", afirmou a directora de Negocio Online de EROSKI, Mari Mar Escrig.

EROSKI
Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE
JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



O modelo de negocio online de EROSKI presenta unha proposta perfectamente enganchada coa estratexia omnicanle. Trátase dunha proposición axustada ás expectativas dos consumidores que presenta as vantaxes comerciais do mundo físico no supermercado na internet, garante unha experiencia de compra uniforme entre canles e ofrece a posibilidade de recollida de compras de maneira gratuíta e inmediata (en coche e a pé) e en menos de 4 horas a través dos seus máis de 50 puntos de recollida para os seus pedidos online de alimentación.

Novos facilitadores para facer a compra online

Ademais, conta con facilitadores (últimos pedidos, listaxes, compras habituais, etc.) que axudan a facer a compra en pouco tempo. Durante os últimos meses EROSKI acometeu melloras nesta liña. En concreto, implantou un modelo de valoracións de produto con opinións verificadas para lles ofrecer aos seus clientes a posibilidade de compartir a súa experiencia sobre os produtos adquiridos e así axudar a outros usuarios na elección de compra. “Dispoñemos de 1.500 produtos valorados e máis do 95% da nosa marca propia obtivo unha avaliación moi positiva”, detallou Mari Mar Escrig.

Igualmente, EROSKI desenvolveu máis o buscador da súa tenda online. Grazas a iso, actualmente ofrece un maior acerto nas suxestións de resultados debido a que as procuras personalizadas inclúen as compras do cliente tanto en tenda física como online.

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)